

guía de intervención pedagógica

Anacos



proxecto Fiestra

Financiado pola Deputación de Ourense.

Material educativo elaborado pola Academia Galega do Audiovisual en colaboración co Grupo de Investigación Terceira Xeración da USC para a súa difusión en centros de ensino de Galicia.

Deseño e maquetación: ekinocio
Ano: 2020

www.fiestra.gal

índice

- 1.** Materias recomendadas para traballar as temáticas e valores da obra *Anacos*: **P5**
 - Educación Secundaria Obrigatoria
 - 1º de Bacharelato
 - 2º de Bacharelato

- 2.** Temas e valores na obra *Anacos* **P7**
- 3.** Sobre a obra *Anacos* **P8**
- 4.** Ficha técnica e palmarés *Anacos* **P9**
- 5.** Actividades: **P11**
 - 5.1. Preguntas e respostas para docentes
 - 5.1.1. Actividades de experiencia, reflexión e acción en común
 - 5.1.2. Actividades de debate e reflexión por secuencias

 - 5.2. Preguntas para alumnas e alumnos **P14**
 - 5.2.1. Actividades de experiencia, reflexión e acción en común
 - 5.2.2. Actividades de debate e reflexión por secuencias

recomendacións para antes e despois de ver a obra: www.fiestra.gal



MABEL RIVERA

FERNANDO MORÁN




XOSÉ BARATO

ANACOS

XACIO BAÑO

Productor Ejecutivo XACIO BAÑO Jefa de Producción VERÓNICA PAN Ayte. Producción PAULA MARIÑAS
 Arte MARÍA LOLO Ayte. Arte NOELIA VILABOA Vestuario MARÍA ZARAGOZA
 Maquillaje ESTHER QUINTAS Ayte. Maquillaje LAURA GÁNDARA Sonido JORGE M. PÉREZ
 Eléctrico DANI VIQUEIRA Eléctrico CARLOCHO MONTERO Dir. Fotografía LUCÍA C. PAN
 Guión, Edición y Dirección XACIO BAÑO

ANACOS.REBORDELOS.COM
 FACEBOOK.COM/ANACOS.SHORTFILM

Reborde los  AGADIC  

materias recomendadas para traballar as temáticas e valores da obra *Anacos*

1.

Apta para todos os públicos.
Recomendada para maiores de 12 anos.

Nota para todos os ciclos e cursos:

Esta obra é susceptible de ser abordada en calquera das materias escolares xa que, tal e como recolle a LOMCE, «nas diferentes materias que integran o currículo educativo de todos os cursos trabállase de forma transversal: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional».

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	
PRIMEIRO CICLO [1º, 2º e 3º Curso]	SEGUNDO CICLO [4º Curso]
<ul style="list-style-type: none"> Lingua Galega e Literatura Valores Éticos Educación Plástica, Visual e Audiovisual Igualdade de Xénero [LCA 1º e 2º] 	<ul style="list-style-type: none"> Lingua Galega e Literatura Valores Éticos Educación Plástica, Visual e Audiovisual Filosofía Artes Escénicas e Danza

1º DE BACHARELATO

CIENCIAS	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Filosofía <input type="checkbox"/> Lingua Galega e Literatura 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Filosofía <input type="checkbox"/> Lingua Galega e Literatura 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Filosofía <input type="checkbox"/> Lingua Galega e Literatura <input type="checkbox"/> Fundamentos da Arte <input type="checkbox"/> Cultura Audiovisual

2º DE BACHARELATO

CIENCIAS	HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	ARTES
<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Lingua Galega e Literatura <input type="checkbox"/> Bioloxía 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Lingua Galega e Literatura <input type="checkbox"/> Historia da Arte 	<ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Lingua Galega e Literatura <input type="checkbox"/> Fundamentos da Arte <input type="checkbox"/> Artes Escénicas <input type="checkbox"/> Cultura Audiovisual
MATERIAS ESPECÍFICAS Imaxe e Son Psicoloxía		

temas e valores na obra *Anacos*

2.

TEMAS

Muller
O papel tradicional das nais
Figura materna
Familias
Educación
Mirada melancólica
O paso fugaz do tempo
A importancia dos pequenos momentos
A división da pantalla como recurso estético e como elemento narrativo
Voz en *off*
Biscoito


VALORES

Intelectuais:
 Memoria
 Reflexión
 Comprensión
Afectivos
 Interese
 Bondade
 Amor
 Altruísmo
 Compañón
 Xenerosidade
Estéticos
Artísticos
 Cinematográficos
Individuais
 Conciencia

sobre a obra *Anacos*

3.

Obra que busca exprimir o fotograma, atopar unha nova forma de contar unha historia sinxela con todo o potencial do cinema coma linguaxe. É unha evolución da anterior curtametraxe do director, Xacio Baño, na cal xa xogaba coa pantalla partida. Neste caso o fotograma divídese en cinco anacos para atopar novas potencialidades estéticas e narrativas.



ficha técnica e palmarés acadado *Anacos*

4.

FICHA TÉCNICA

Producción executiva: Xacio Baño

Xefatura de produción: Verónica Pan

Axudante de produción: Paula Mariñas

Dirección de arte: María Lolo

Auxiliar de arte: Noelia Vilaboa

Vestuario: María Zaragoza

Maquillaxe: Esther Quintas

Axudante de maquillaxe: Laura Gándara

Son: Jorge M. Pérez

Eléctricos: Dani Viqueira, Carlocho Montero

Dirección de fotografía: Lucía C. Pan

Dirección, guión, edición: Xacio Baño

Interpretación: Mabel Rivera, Fernando Morán e Xosé Barato

PALMARÉS

Selección de premios:

- *The Flaming Faun. up to 10 min. Shnit Film Festival.*
- Biznaga de Prata. Premio Especial do Xurado. Festival de Málaga.
- Mención Especial do Xurado. As Palmas Film Festival.
- Mellor Guión. Curtocircuito.
- Mellor Curta Galega. Fic Bueu.
- Mellor Maquillaxe e Perruquería. Fic Bueu.
- Premio «Igualdad de Oportunidades». XIII Xóvenes Realizadores cidade de Castellón.
- Primeiro Premio XIV ABYCINE.
- Mellor Son. 42 ALCINE.
- Primeiro Premio XIII Certame Xóvenes Creadores Salamanca.
- *Best Screenplay/Mellor Guión. XIII Mostra curtas de Noia.*
- *Best Short Film. 41 FICC Cartagena Int. Film Festival.*
- Mención Especial do Xurado. IX Zinexín. A Roda.
- Mención de Honra. *Curt al cap.*
- *Prix innovation. 19 Festival International de Cinéma Méditerranée. Marrocos.*
- *Best Short Film* Sección «La otra mirada». 26 Medina do Campo.

- *Trofeu Millor Curtmetratge amateur Ficció/Argument. Festimatge.*
- *Special Jury Recognition. 22 Aspen Shortfest. EEUU. Best Short Film. Wimbledon Shorts. Inglaterra.*
- *Jury Special Mention. 8 Shortshorts. México.*
- *Best Short Film. New England Ibero American Film Festival. EEUU.*
- *Menzione speciale della giuria. Fano Film Festival. Italia.*

actividades

preguntas e respostas para docentes

5.

5.1

5.1.1 Actividades de experiencia, reflexión e acción en común

As preguntas 1 e 2 non teñen unha única resposta correcta e están pensadas para que as alumnas e alumnos reflexionen sobre as ideas, pensamentos, sensacións e emocións que lles produciu a obra, e que exterioricen o que pensan sen o temor de proporcionar unha resposta errónea.

1. Que vos transmite esta obra?

2. Que pensades que lle está a suceder á protagonista?

Esta obra fainos reflexionar sobre o papel tradicional das nais, adicadas e entregadas á atención, crianza, coidado e educación das fillas e fillos. No minuto 2:50 a voz en *off* di «a medida que o noso mundo medraba [o mundo dos fillos], o dela facíase máis cativo».

3. Por que pensades que o di?

> Momento de reflexión e acción en común.

> Resposta: é posible que a medida que o mundo dos fillos medraba, o papel da nai fora minguando por terse entregado durante gran parte da súa vida a atender, criar, coidar e educar aos seus fillos. Semella que o director busca transmitir a idea de que unha vez que os fillos medraban e acadaban autonomía e independencia, a nai percibía que o papel que se lle outorgaba tradicionalmente se esgotaba, e as súas motivacións esmorecían.

Como dicíamos na cuestión 3, esta obra fainos reflexionar sobre o papel tradicional das nais. *Anacos* trata de visibilizar o papel tradicional das nais pero, á vez, consegue plasmar o papel tradicional dos pais.

4. Cal credes que é o papel tradicional dos pais que se deixa entrever nesta curtametraxe?

> Momento de reflexión e acción en común.

> Resposta: o pai non fala en ningún momento

«*Anacos* trata de visibilizar o papel tradicional das nais pero, á vez, consegue plasmar o papel tradicional dos pais»

da curta. Mantense á marxe, permanece ausente, ve a televisión e apenas participa activamente da vida familiar.

5. Pensades que a nai e o pai de *Anacos* representan ás nais e pais dos nosos tempos?

- > Momento de reflexión e debate.
- > Resposta: aberta.

Xacio Baño, director de *Anacos*, afirma que dous son os temas principais que aborda nesta curtametraxe. Un deles é o papel tradicional das nais. O outro tema sobre o que versa esta curta, capaz de transmitir un feixe de sensacións, emocións e pensamentos en tan só 6 minutos é o *tempus fugit*.

6. Sabedes que quere dicir a expresión *tempus fugit*?

- > Momento de reflexión e debate.
- > Resposta: *tempus fugit* ou 'o tempo voa' é unha locución latina que fai referencia explícita ao veloz transcurso do tempo.

5.1.2 Actividades de debate e reflexión por secuencias

Na seguinte secuencia a voz en *off* fala dalgúns dos múltiples papeis que a nai tradicional cumpría asemade: confidente, a perfecta anfitroia, doce, atenta e preocupada.



1. Por que pensades que o director de *Anacos* decidiu fragmentar a pantalla en 5 partes?

- > Momento de reflexión e debate.
- > Resposta: é probable que Xacio Baño, director da obra, perseguira transmitir anacos da historia que se suceden de forma simultánea nun período curto de tempo. Cada fragmento da pantalla mostra un instante

diferente do mesmo momento, ou ben simplemente divide unha imaxe en cinco, creando unha sensación dun tempo e dun espazo partidos.

Entre os minutos 2:14 e 2:48 podemos contemplar a seguinte secuencia:



2. Que expresa para vos o comportamento da nai?

- > Momento de reflexión e debate.
- > Resposta: aberta.

3. Que vos transmite a secuencia?

- > Momento de reflexión e debate.
- > Resposta: pode que a analoxía do biscoito seguida pola partida dos fillos e a expresión da nai nos transmitan a idea de que a nai sofre porque está perdendo un anaco de si mesma ou un anaco da súa vida.

preguntas para alumnas e alumnos

5.2

5.2.1 Actividades de experiencia, reflexión e acción en común

1. Que vos transmite esta obra?

2. Que pensades que lle está a suceder á protagonista?

Esta obra fainos reflexionar sobre o papel tradicional das nais, adicadas e entregadas á atención, crianza, coidado e educación das fillas e fillos. No minuto 2:50 a voz en *off* di «a medida que o noso mundo medraba [o mundo dos fillos], o dela facíase máis cativo».

3. Por que pensades que o di?

Anacos trata de visibilizar o papel tradicional das nais pero, á vez, tamén consegue plasmar o papel tradicional dos pais.

4. Cal creedes que é o papel tradicional dos pais que se deixa entrever nesta curtametraxe?

5. Pensades que a nai e o pai de *Anacos* representan ás nais e aos pais dos nosos tempos?

Xacio Baño, director de *Anacos*, afirma que dous son os temas principais que aborda nesta curtametraxe. Un deles é o papel tradicional das nais. O outro tema sobre o que versa esta curta, capaz de transmitir un feixe de sensacións, emocións e pensamentos en tan só 6 minutos é o *tempus fugit*.

6. Sabedes que quere dicir a expresión *tempus fugit*?

5.2.2 Actividades de debate e reflexión por secuencias

Na seguinte secuencia a voz en *off* fala dalgúns dos múltiples papeis que a nai tradicional cumpría asemade: confidente, a perfecta anfitroia, doce, atenta e preocupada.



1. Por que pensades que o director de *Anacos* decidiu fragmentar a pantalla en 5 partes?

Entre os minutos 2:14 e 2:48 podemos contemplar a seguinte secuencia:



2. Que expresa para vos o comportamento da nai?

3. Que vos transmite a secuencia?



Academia
Galega do
Audiovisual



DEPUTACIÓN
OURENSE